

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A INSTITUCIÓN DO VALEDOR DO POBO E A FUNDACIÓN GALEGA CONTRA O NARCOTRÁFICO

Santiago de Compostela, 22 outubro de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Milagros María Otero Parga actuando como Valedora do Pobo, nomeada por Resolución do 4 de agosto do 2015 da Presidenta do Parlamento de Galicia, actuando en nome e representación da institución do Valedor do Pobo, en virtude das facultades que lle confire a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, publicada no Diario Oficial de Galicia n^o 135, do día 14 de xullo do mesmo ano;

Doutra parte, D. Manuel Antonio Couceiro Cachaldora, Presidente da Fundación Galega contra o Narcotráfico (FGCN), en representación da Fundación Galega contra o Narcotráfico, con N.I.F.: G-36.242.071.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A institución do Valedor do Pobo ten atribuídas competencias e funcións en materia de axuda na loita contra o narcotráfico e a drogadicción a través de accións e programas informativos, preventivos e de sensibilización social fronte a ditas problemáticas

SEGUNDO.- A Valedora do Pobo quere impulsar e colaborar en todas aquelas actuacións coas que poida acadarse maior eficacia nas accións e programas de prevención do consumo, información e sensibilización da sociedade civil, así como a difusión e organización de encontros profesionais dentro do ámbito xudicial e policial, así como no eido da asistencia e prevención da toxicomanía, en colaboración, no seu caso, con organizacións da sociedade civil, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, centros educativos ou profesionais do ámbito sanitario.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre a institución do Valedor do Pobo e a Fundación Galega contra o Narcotráfico para desenvolver programas e accións dentro da loita contra o narcotráfico e as drogadiccións en Galicia.

SEGUNDA.-Obrigas da Fundación

A Fundación Galega contra o Narcotráfico comprométese a:

1. Dirixir e organizar, en coordinación co Valedor do Pobo, as actividades que poidan realizarse ó abeiro do presente convenio.
2. Colaborar coa Valedora do Pobo na elaboración de estatísticas e informes que axuden ao desenvolvemento de actuacións contra o narcotráfico e a drogadicción.
3. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos ornamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
5. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma á Intervención Xeral do Parlamento de Galicia e ó Consello de Contas.

TERCEIRA.-Obrigas do Valedor do Pobo

A institución do Valedor do Pobo, colaborará na realización das actuacións que poidan propoñerse por parte da FGCN ó abeiro deste convenio e foran estimadas convenientes e coherentes cos obxectivos da institución.

pola Valedora do Pobo, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso administrativa para a resolución de calquera conflito puidese xurdir na súa aplicación.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento.



A Valedora do Pobo



O Presidente da Fundación Galega
contra o Narcotráfico